



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**Escola
Oficial
de
Idiomas**


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2024-2025

DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

AVANZADO

C1



INDICE

1. Definición do nivel C1.....	2
2. Obxectivos xerais.....	2
2.1. Comprensión de textos orais.....	2
2.2. Producción e coprodución de textos orais.....	2
2.3. Comprensión de textos escritos.....	2
2.4. Producción e coprodución de textos escritos.....	3
2.5. Mediación oral e escrita.....	3
3. Obxectivos específicos.....	3
3.1 Comprensión de textos orais.....	3
3.2 Comprensión de textos escritos.....	3
3.3 Producción e coprodución de textos orais.....	4
3.4 Producción e coprodución de textos escritos.....	4
3.5 Mediación oral e escrita.....	4
4. Contidos. Secuenciación e temporalización.....	5
5. Recursos didácticos.....	15
6. Ensino semipresencial e en liña.....	15
6.1. Metodoloxía e actividades durante a docencia semipresencial e non presencial.....	16
6.2. Información, publicidade e detección de situacións de vulnerabilidade.....	17
7. Metodoloxía e avaliación (Ver documento “Partes comúns” na web).....	18

1. Definición do nivel C1

No *Marco europeo común de referencia para as linguas* (Marco, en diante) o nivel C1 denomínase de *Autonomía*. Para acadar este nivel o alumnado deberá ser capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos orais e escritos e con certo nivel de esixencia, así como ser quen de recoñecer neles sentidos implícitos.

Deberá saber expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para encontrar a expresión adecuada, facer un uso flexible e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais e producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, mostrando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

A diferenza máis notable entre este nivel e os anteriores é a adquisición dun repertorio lingüístico amplo que permita unha comunicación fluída e espontánea. Esta maior facilidade para comunicarse ten que ir baseada nas destrezas de discurso adquiridas nos niveles anteriores.

A autonomía na aprendizaxe é outro dos piares deste nivel e debe ser alta xa que os alumnos poseen as ferramentas e coñecementos suficientes para poder avanzar pola súa conta ademais de seguir as instrucións do profesor. O que poidan practicar na aula non será suficiente, os alumnos deberán buscar e aproveitar cantas oportunidades encontren ó seu alcance para desenvolver as competencias adquiridas na aula.

A duración deste curso é de 130 horas, repartidas en dúas sesións semanais de 120 minutos.

2. Obxectivos xerais

2.1. Comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

2.2. Producción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

2.3. Comprensión de textos escritos

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

2.4. Produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

2.5. Mediación oral e escrita

Mediar entre falantes de español ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

3. Obxectivos específicos

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel C1, segundo se define este nivel no MCERL do Consello de Europa.

3.1 Comprensión de textos orais

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
- Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.
- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.
- Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

3.2 Comprensión de textos escritos

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.
- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social,

- profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos
- xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

3.3 Producción e coprodución de textos orais

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Facer un uso emocional ou humorístico do idioma expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

3.4 Producción e coprodución de textos escritos

- Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con
- flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e
- humorístico.
- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en
- contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

3.5 Mediación oral e escrita

- Mediar entre falantes des español ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de

conflictos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

4. Contidos. Secuenciación e temporalización

Os contidos responden a aquilo que se debe ensinar e aprender para lograr os obxectivos comunicativos propostos para este subnivel. Carecen de entidade propia, pois unicamente deben ser considerados na medida en que son os instrumentos necesarios para acadar o grao de dominio lingüístico establecido nos mínimos esixibles.

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realízanse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar.

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 1: A de aprendizaxe

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Grabar unha presentación en audio e correxir a grabación dun ou dunha compañeiro/a Elexir o mellor correo electrónico para enviar a un posto de traballo		
CO	Comprender un informe a partir dunha análise Comprender unha entrevista sobre o sistema educativo español		
CE	Comprender un artigo periodístico de opinión Comprender un relato de ficción		
PCOM	Transmitir oralmente unha nova escoitada ou lida nun medio de comunicación Referirse a novas e comentalas		
PCEM	Escribir un correo electrónico de candidatura a un posto de traballo Escribir un artigo divulgativo		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Trabajo/Educación	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
-Institucións de enseñanza <i>online</i> en España. - Formato do CV en España - Datos sobre o paro en España	- Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. - Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.	- Expresar unha opinión -Expresar a intención -Comparar feitos - Describir cambios	- Textos xornalísticos de opinión sobre temas de actualidade -Relato -Correo electrónico -Currículum Vitae -Informe
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
-A entoación como recurso para destacar ideas - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación	- Léxico ensinanza <i>online</i> -Verbos e expresións en sentido figurado -Anglicismos	- Colocacións co verbos <i>sacar</i> - Perífrasis de continuidade e de cambio: <i>seguir+gerundio</i> -A comparación: <i>mientras que/más/menos que/ antes que/antes de</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende un informe e extrae as conclusións axeitadas Comprende unha entrevista sobre o sistema educativo español Comprende un artigo periodístico de opinión Comprende un relato de ficción Transmite oralmente unha nova escoitada ou lida nun medio de comunicación Comenta feitos Escribe un correo electrónico de candidatura a un posto de traballo Escribe un artigo divulgativo			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 2: A de arte

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Presentar a obra e a vida dunha promesa do arte hispano Facer un mural cos poemas favoritos da clase recitados e grabados polos estudantes		
CO	Comprender un vídeo documental sobre un artista Comprender un poema recitado		
CE	Comprender entradas nun <i>blog</i> sobre arte Comprender a descripción dunha obra de arte		
PCOM	Describir unha obra de arte Valorar e describir as emocións que nos provoca unha obra de arte		
PCEM	Escribir un texto evocador de emocións		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Actividades artísticas	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- Artistas hispanos - Obras de arte do mundo hispano - Linguaxe vulgar: usos	- Diferenciar entre rexistros e cambiar dun rexistro coloquial a un formal e viceversa	- Expresar admiración - Valorar e describir unha obra de arte - Expresar hipóteses	- Entrada nun <i>blog</i> - Reportaxe - Poemas - Vídeos documentales
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
-A pronunciación da “s” e da “j” - Entoación da linguaxe vilgar - Énfase na expresión de sentimentos	- Léxico relacionado coa arte -As sensacións e percepcións - Expresións coloquiais - Expresións vulgares	- Anteposición do adxectivo - Conector “lo mismo” para expresar hipótese -	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado Comprende un vídeo documental sobre un artista Comprende un poema recitado Comprende entradas nun <i>blog</i> sobre arte Comprende a descripción dunha obra de arte Describe e valora unha obra de arte Escribe un texto evocador de emocións			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 3: C de consumo

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABAJO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Simular unha situación de reclamación (presencial ou telefónica) nunha axencia de viaxes, nunha compañía eléctrica, telefónica, etc.		
CO	Comprender unha reclamación telefónica		
CE	Comprender un contrato Comprender un escrito de reclamación Comprender un informe/análise dun produto do mercado		
PCOM	Describir un problema con un servizo/producto É quen de expresar condicións Mostrar enfado ao formular unha queixa ou reclamación		
PCEM	Escribir un contrato informal Escribir unha carta de reclamación		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Bens e servizos	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- Reclamar en español - Estructura dun contrato en español - Reflexión sobre a intención dunha nova - A OCU: funcións e funcionamento	- Diferenciar entre graos de complexidade textual - Repetir o dito por outras persoa nunha reclamación	- Expresar condicións- - Queixarse - Mostra enfado - Aconsellar en base a un coñecemento	- Contratos - Cortometraxe - Novas - Estudos - Carta de reclamación
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- Recursos fonéticos para marcar os graos de enfado - Ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital para marcar as intencións comunicativas de reclamación ou queixa.	- Léxico relacionado coa contratación de servizos - Atención telefónica: <i>a nombre de/ salirse del plazo...</i>	- Oracións e conectores condicionais: <i>salvo que, siempre y cuando, excepto que...+Subxuntivo</i> - Usos do adverbio <i>siquiera, no, si encima...</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
É quen de iniciar, manter e rematar unha reclamación telefónica apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. Comprende unha reclamación telefónica Comprende e formula as condicións dun contrato Comprende e redacta un escrito de reclamación Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte (contrato/estudio dun servizo ou produto), así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Sabe citar as fontes segundo o ámbito e a temática da reclamación.			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 4: D de datos

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABAJO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Preparar unha campaña divulgativa en grupos		
CO	Comprender unha campaña divulgativa de carácter institucional		
CE	Comprender unha entrada nunha enciclopedia Comprender un artigo sobre un tema político		
PCOM	Describir a finalidade É quen de entender un texto oral de carácter divulgativo		
PCEM	Escribir un texto expositivo a partir dunha investigación na súa lingua		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Medios de comunicación	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- Medios de comunicación máis importantes no mundo hispano - As entradas en español na <i>Wikipedia</i> diferencian as súas linguas	- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos de carácter xurídico - Mediar entre a súa lingua e o español en entradas sobre temas en Wikipedia	- Expresar finalidade - Resumir as ideas principais dun texto	- Entrada en diccionario/enciclopedia - Artigo periodístico - Campaña divulgativa - Campaña política/institucional
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- Recursos fonéticos para marcar la entonación expresiva	- Léxico relacionado cos medios de comunicación, a actualidade a protección de datos - Colocacións coa palabra <i>ley</i> - Vocabulario xurídico - Conectores para expresar finalidade	- Para+ Infinitivo; <i>para que+ Subxuntivo; de modo que+ Subxuntivo</i> - Usos e formación do participio presente	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte. Comprende unha campaña divulgativa oral e escrita de carácter institucional Comprende unha entrada nunha enciclopedia Comprende un artigo sobre un tema político Describe a finalidade É quen de entender un texto oral de carácter divulgativo Escribir un texto expositivo complexo a partir dunha investigación na súa lingua			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 5: D de discurso

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Preparar e dar un discurso ante a clase sobre un tema do seu interese (formato Pecha-Kucha)		
CO	Comprender discurso oral de persoas célebres		
CE	Comprender artigo de opinión sobre discursos públicos		
PCOM	Describir os recursos e partes dun discurso oral É quen de manter un discurso sobre un tema do seu interese Referir as citas e palabras doutro/as		
PCEM	Escribir o guión dun discurso Citar e utilizar as referencias seguindo as convencións. Preparar mediante acordo un baremo de valoración dun discurso oral		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Goberno, política e sociedade	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
<ul style="list-style-type: none"> - Persoaxes do mundo hispano que pronunciaron frases célebres - Políticos e política do mundo hispano 	<ul style="list-style-type: none"> - Referir o discurso - Dominar técnicas discursivas - regular a densidade e intensidade dun bo discurso - Técnicas de persuasión - Repetir, recoñecer e usar modelos de discurso 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar arrepentimento e lamentación - Manter un discurso ante o público 	<ul style="list-style-type: none"> - Artigo periodístico de opinión - Discurso oral - Citas e frases célebres
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos fonéticos para reivindicar e lamentar - Pronunciar un bo discurso: volume, elementos non verbais 	<ul style="list-style-type: none"> - Verbos de lingua - Partes e lementos dun discurso - Marcadores consecutivos: <i>en consecuencia, por consiguiente</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Infinitivo simple e composto en estruturas de lamentación e disculpa: <i>siento no haberte avisado</i> -Estilo indirecto: recursos para marcar o discurso referido e transformacións necesarias 	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<p>É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p>Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa.</p> <p>Escrebe a partir dunha análise dun modelo o guión dun discurso</p> <p>Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p>Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>Negocia e acorda un baremo de valoración dun discurso oral</p>			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 6: E de emoción

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Presentar un evento nos seus países que provocou un fenómeno de masas nos seus países		
CO	Comprender unha cortometraxe documental		
CE	Comprender un texto literario sobre o fútbol Recoñecer expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario		
PCOM	Describir as emocións propias e doutras persoas É quen de posicionarse ante un texto crítico		
PCEM	Recoñecer a intención e o significado do propósito comunicativo humorístico. É quen de formular hipóteses irrealis		
COMPETENCIAS E CONTIDOS TEMA: Identidade persoal: dimensión física e anímica			
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- O papel do fútbol no mundo hispano - A relixión no mundo hispano	- Dominar os mecanismos de xeralización - Diferenciar entre ideas principais e secundarias dun documento audiovisual	- Expresar emocións e estados de ánimo - Expresar consellos - Formular hipóteses irrealis	- Texto literario - Cortometraxe documental - Texto de autoaxuda
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- A tilde diacrítica - Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)	- Léxico das emocións: sustantivación de adxectivos - Colocacións dos verbos <i>quedar, dejar</i> - Vocabulario relixioso - Léxico relacionado cos deportes e a superación: verbos de cambio	- Uso pronominal do verbo tener: <i>tenerle confianza, devoción, etc.</i> - Pronomes reflexivos tónicos: <i>mí, ti, él...+ mismo/a</i> - Perífrasis verbais incoativas: <i>empezar/ponerse/echar(se)/ romper a+</i> Infinitivo	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende as ideas principais e secundarias dunha cortometraxe documental Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo humorístico. Comprender un texto literario sobre o fútbol Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado Describe as emocións propias e doutras persoas É quen de posicionarse ante un texto crítico Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo humorístico. É quen de formular hipóteses irrealis			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 7: F de fronteras

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos
--------------	----	------------------------	--------------------------

			(1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Mural para compartir anécdotas interculturais vividas en contacto con falantes de español		
CO	Comprender anécdotas interculturais. Percibir as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece rasgos do acento vasco e do acento anadaluz		
CE	Comprender un relato		
PCOM	Describir os estereotipos sobre os hispanos que existen nos seus países É quen de entender unha película española sobre estereotipos españois		
PCEM	Recoñecer diferencias entre un texto académico e un relato sobre o mesmo tema. É quen de escribir unha anécdota persoal sobre diferencias interculturais.		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Relacións persoais e sociais	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- Normas sociais no mundo hispano - Estereotipos no mundo hispano e sobre os hispanos no mundo - Diferencias entre as comunidades de España	- Mediar entre as normas e diferencias de comportamentos debido a razóns culturais -Relacionar a información nova con coñecementos previos.	- Expresar hipóteses - Desfacer melentendidos culturais - Expresar opinións	- Relato - Anécdotas persoais - Reportaxe - Película
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas expresións coloquiais. - Diferencia de acentos entre vascos e andaluces	- Léxico relacións entre persoas - Léxico de carácter - Léxico coloquial	- O futuro e o condicional (simple e composto) - Estilo directo e indirecto	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende anécdotas interculturais. Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece rasgos do acento vasco e do acento anadaluz. Comprende un relato oral e escrito. Describe os estereotipos sobre os hispanos que existen nos seus países. É quen de entender unha película española sobre estereotipos españois Recoñece diferencias entre un texto académico e un relato sobre o mesmo tema. É quen de escribir unha anécdota persoal sobre diferencias interculturais.			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 8: H de horarios

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos
--------------	----	------------------------	--------------------------

			(1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Presentación dun manifesto sobre algunha situación inxusta ou equivocada que desexen cambiar		
CO	Entender unha entrevista		
CE	Comprender un artigo periodístico		
PCOM	Comprender un manifesto oral sobre un tema de actualidade		
PCEM	Comprender un manifesto sobre o cambio dos horarios en España		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Trballo e horarios	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- Os horarios de España - Comisións, fundacións e asociacións do mundo hispano que reivindicán cambios	- Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	- Describir os horarios - Reivindicar e convencer - Requerir/pedir - Apelar a valores	- Artigo periodístico - Entrevista - Campaña protesta social - Manifesto
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- A entoación e os cambios de ton para convencer, facer reivindicacións	- Léxico relacionado coa televisión - Aceptións do verbo <i>tocar</i> + <i>adxectivos en-ado e -ente</i> (Formación de palabras: derivación e composición)	- Correlación temporal en oracións subordinadas: <i>Presente/Imperfecto Subjuntivo</i> - Imperativos lexicalizados	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<p>Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dunha reivindicación.</p> <p>Entende unha entrevista oral.</p> <p>Comprende un artigo periodístico e é quen de deifreneciar matices de protesta e reivindicación</p> <p>Comprende un manifesto oral e escrito.</p> <p>É quen de colaborar e redactar un manifesto sobre algunha situación inxusta ou equivocada que desexen cambiar.</p>			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 9: I de identidade

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos
--------------	----	------------------------	--------------------------

			(2º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Elaborar unha pequena revista cultural con artigos de todas as persoas do curso		
CO	Entender un programa radiofónico sobre un tema cultural		
CE	Comprender un artigo sobre Psicoloxía Extraer as ideas principais dunha páxina web institucional		
PCOM	Comprender opinións sobre temas de información actual		
PCEM	Escribir un artigo de opinión sobre información actual		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Trabajo e horarios	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- O termo “Marca España” -Tópicos dos respectivos países - A idiosincrasia dos españois e doutros países do mundo latino	- Facer interpretacións e transmitilas para facilitar a información - Estratexias para recordar información relevante dun texto	- Describir o carácter - Falar de tópicos - Valorar datos	- Valorar e posicionarse sobre a información -Resaltar información relevante - Rectificar/matizar unha información
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- A diferenza na entoación incisiva nun aspecto/ideas -As pausas para enfatizar determinadas ideas do discurso	- Léxico relacionado co carácter - As palabras terminadas en <i>-mente</i> -	- Estructuras para rebatir: <i>Si bien es verdad que...no podemos decir que...</i> <i>A lo mejor es cierto que...pero también es verdad que...</i> <i>No es eso...</i> <i>No es que no...lo que pasa es que..</i> <i>No solo...sino también...</i> <i>Es menso una cuestión de...sino que...</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Entende un programa radiofónico sobre un tema cultural Comprende un artigo sobre Psicoloxía Extrae as ideas principais dunha páxina web institucional Comprende opinións sobre temas de información actual Escribe un artigo de opinión sobre información actual			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 10: M de memoria

NIVEL	C1	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos
--------------	----	------------------------	--------------------------

			(2º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefas finais	Participar nun debate sobre un tema (o proposto no libro ou nun tema escollido polo alumnado)		
CO	Entender unha anécdota dunha comida familiar		
CE	Comprender unha crítica de cine (película histórica) Entender posicións enfrentados ante feitos históricos		
PCOM	Comprender debates televisivos/radiofónicos		
PCEM	Escribir unha reseña breve dunha película		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Traballo e horarios	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
- Os desaparecidos de Arxentina/Chile - Tradicións familiares arxentinas - O descubrimento de América: posturas ante un tema histórico fundamental no mundo hispano	- Analizar a estrutura dunha crítica para poder imitala nunha produción propia - Resumir unha mensaxe curta	- Describir o argumento/unha escena dunha película - Transmitir as palabras doutras persoas	- Expresar dúbida - Expresar sorpresa - Correxir información
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
- A entoación da dúbida e da sorpresa - A variedade rioplatense: peculiaridades	- Léxico de cine - Léxico histórico relacionado con “ <i>genocidios</i> ”	- Estilo Indirecto: repaso de estruturas - Sustantivación do adxetivo: “ <i>Lo+ adjetivo</i> ”	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Entende unha anécdota oral dunha comida familiar Comprende unha crítica de cine (película histórica) Entende posicións enfrentados ante feitos históricos Comprende e é quen de participar en debates televisivos/radiofónicos Escribe unha reseña breve dunha película			

5. Recursos didácticos

Libros de texto

“C de C1. Libro del alumno” Editorial Difusión

“C de C1. Cuaderno de ejercicios” Editorial Difusión

Material complementario

Páxinas web de diferentes medios de comunicación.

Podcasts de emisoras de radio españolas e latinoamericanas

Libros de lectura en versión original.

Documentos audiovisuales de diferentes canles: cine, televisión, plataformas dixitais, etc.

6. Ensino semipresencial e en liña

6.1. Metodoloxía e actividades durante a docencia semipresencial e non presencial

- **Aula virtual**

Todos os grupos e docentes contarán cunha aula virtual cuxo funcionamento básico e organización explicarán ao alumnado ao principio do curso académico. Empregaranse preferentemente Moodle ou Aula Cesga, sendo posible a utilización doutras ferramentas ou plataformas virtuais sempre que se facilite información ao alumnado sobre a súa natureza e seguridade informática.

Os contidos da Aula Virtual estarán organizados de maneira intuitiva cun sistema de etiquetado que permita a fácil identificación das actividades, o tipo de destreza e temática. A organización dos materiais permitirá un seguimento lóxico e secuencial do curso.

Habilitarase un sistema que permita a comunicación entre o a alumnado e o docente dentro da plataforma virtual, tanto para facilitar feedback sobre as actividades presentadas, como para resolver dúbidas puntuais. Se o alumnado e o docente o acordan, a Aula Virtual tamén poderá contar cun sistema de comunicación grupal, coma un foro de discusión ou similar.

- **Metodoloxía (Modalidade semipresencial rotatoria)**

Na eventualidade de que o número de alumnos matriculados por grupo supere o número máximo de postos dispoñibles por aula, o grupo poderá pasar á modalidade semipresencial rotatoria na que se propoñen dous escenarios posibles:

- Se o número de asistentes supera notablemente o límite máximo, o grupo quedará dividido en dous que asistirán a unha sesión semanal das dúas posibles e utilizarán o resto de horas lectivas para o desenvolvemento das actividades propostas na aula virtual. A sesión presencial versará sobre contidos idénticos para os dous subgrupos. Neste escenario educativo, as sesións presenciais estarán enfocadas en actividades orais (produción, comprensión e mediación), mentres que os contidos da aula virtual estarán relacionados con actividades de produción, mediación e comprensión escrita e reforzo da comprensión oral.
- Se o número de asistentes supera lixeiramente o límite máximo permitido por aula, establecerase un sistema, mediante o cal os alumnos se irán turnando para garantir que non se exceda a asistencia máxima permitida. O alumnado que non poida asistir á sesión presencial terá acceso aos materiais de curso na aula virtual. O sistema de turnos non estará suxeito a modificacións puntuais co gallo de garantir a trazabilidade dos asistentes ás sesións presenciais en caso de abrocho. Neste escenario, as sesións presenciais manterán o equilibrio habitual de destrezas orais e escritas e o conxunto de actividades propostas aparecerá no repositorio organizado da aula virtual para o alumnado que non acoda por turnos.
- As actividades síncronas realizaranse preferentemente no horario presencial do grupo. Entre as actividades asíncronas, proporanse unha serie de exercicios esenciais a realizar dentro das horas lectivas do curso e outras actividades adicionais de reforzo a discreción do profesorado para a súa realización voluntaria por parte do alumnado.

6.2. Información, publicidade e detección de situacións de vulnerabilidade

- **Información ao alumnado e ás familias, se proceder.**

Na páxina web da EOI están dispoñibles os correos do profesorado para que o alumnos poida contactar co seu profesor.

Na sección de preguntas frecuentes da web da EOI, tamén se lle dan solucións a alumnado que non contan cos medios apropiados para facer o seguimento telemático.

Cada profesor/a terá aberto un grupo de **Telegram** que cumprirá as seguintes funcións:

- avisar e informar das ausencias tanto do profesorado como do alumnado;
- organizar a teledocencia;
- resolver posibles dúbidas;
- suministrar retos e pequenas tarefas relacionadas coas temáticas e obxectivos das aulas;
- compartir materiais;
- contribuir á cohesión, colaboración, acompañamento e benestar do grupo.

- **Publicidade**

Publicación na páxina web do centro e a través da redes social do Departamento, páxina en Facebook e do grupo aberto en *Telegram*.

- **Detección precoz de alumnado en situación de vulnerabilidade**

Ao principio e durante todo do curso, e contando coa información recollida pola Dirección do centro no proceso de matrícula, farase un diagnóstico preliminar do alumnado potencialmente vulnerable nun contexto de ensino semipresencial ou a distancia:

- Alumnado que non dispoña da tecnoloxía ou medios de conexión a Internet - daráselle prioridade para a asistencia a sesións presenciais no caso de ensino semipresencial rotatorio e facilitaranse copias escritas do material na medida do posible. O Centro e a Consellería de Educación poderán habilitar outras solucións puntuais para estes casos.
- Alumnado con necesidades especiais - daráselle prioridade para a asistencia a sesións presenciais no caso de ensino semipresencial e acceso a materiais adaptados na medida do posible. O Centro e a Consellería de Educación, en colaboración con asociacións especializadas e/ou as familias/titores, poderán habilitar outras solucións puntuais para estes casos.

7. Metodoloxía e avaliación (Ver o documento “Partes comúns” na web)